

ACTA NÚMERO 02/08
XERENCIA ATENCIÓN PRIMARIA PONTEVEDRA-VIGO
E A COMISIÓN DE CENTROS DE AT. PRIMARIA- ÁREA SUR

ASISTENTES

POLA DIRECCIÓN:

D. CARLOS EIREA EIRAS
D^a. SUSANA ALDECOA LANDESA
D^a. PILAR RIBEIRO MARTINEZ
D^a. PILAR PINTOS MARTINEZ
D. FERNANDO ISIDRO LAGO DEIBE
D^a. PILAR SILVEIRA RODRIGUEZ
D^a. BELEN VAZQUEZ PACHECO
D^a. LOURDES PIÑEIRO TRONCOSO

POLA COMISIÓN DE CENTROS:

D. XOSE LOIS MARTINEZ FDEZ-CSE-CSI
D. CARLOS VARELA VIGO-CSE-CSI
D. RAMON LLORENTE SANMARTIN-CIG
D. ANGEL CAMESELLE CORBACHO-CC.OO
D. MANUEL NIETO PEREIRA-CEMSATSE
D^a. LOURDES CARBAJO NUÑEZ-CEMSATSE
D^a. CARMEN GARCIA RIVAS-CEMSATSE
D^a. TERESA NUÑEZ GALLEGO-CEMSATSE
D^a. HERMINIA VAZQUEZ NIEVES-CEMSATSE
D. MANUEL RODRIGUEZ PIÑEIRO-O'MEGA
D. JOSE M. BREA FEIJOO- O'MEGA
D^a. DAMIANA I. GULLON DOMINGUEZ- SGPS
D^a. PURIFICACION VILLAR DE TORO-SGPS
D^a. ROSALINA ALONSO GONZALEZ-USAE
D^a. ELENA SANCHEZ RODRIGUEZ-USAE
D^a. ALASNE ACHALANDABASO CUBAS-UGT

En Vigo, ás nove horas do día once de febreiro de dous mil oito, reúnen-se na sala de xuntas da Xerencia de Atención Primaria, para tratar os asuntos que figuran no seguinte:

-- ORDE DO DÍA --

1. Lectura e aprobación da acta anterior.
2. Presenzas de persoal de enfermería nos PACs: 2 efectivos nos centros con presenza de 2 efectivos de persoal facultativo.
3. Problemática Rúa Cuba: Facultativo que non cumpre horario de saída.
4. Ceses en At. Primaria por incorporacións OPE e/ou traslados: Criterio de ceses por Área e non por Centro.
5. Tarefas extraordinarias do Persoal Administrativo: Casos concretos de Beiramar, Mós e A Doblada.
6. Traslados domiciliarios.
7. Seguro de Responsabilidade Civil: ¿Cubre a pediatras cando ven adultos e a médicos de familia cando ven nenos?
8. Calendarios dos PACs.

9. Plan Mellora de Atención Primaria:
 - Solicitude, dende Primaria, de ECOs, TACs e RMNs. ¿Retraso na aplicación?
 - Prazas do Plan Mellora do ano 2007, ¿en qué situación quedan unha vez pasados os 6 meses?
 - Relación de 50 prazas da 1ª fase do 2008, ¿oferta para mobilidade provisional?
10. Reordenación dos celadores do SAP Beiramar
11. Reunificación dos telefonistas no PAC Coia

Fora da orde do día alguns dos membros da Comisión de Centro solicitan listado de chamamentos polo que se obriga aos profesionais a facer gardas por indispoñibilidade de substitutos.

O PRESIDENTE DA COMISIÓN: di que o traerá hoxe Carlos o secretario da Comisión de Centro.

CC.OO.: Fala dunha serie de médicos que non foron chamados, e di que a comisión non tiña control sobre esa lista, non entende que porque un diga que este mal, xa non faga a garda.

XERENCIA: Todos os que alegan un problema de enfermidade, deriváselles inmediatamente á Unidade de Prevención de Riscos Laborais (UPRL).

CC.OO.: A doutora Reyes Macias ¿dixo a UPRL que non pode facer gardas?

XERENCIA: Dona Reyes Macias está en situación de I.T. desde fai tempo e previamente había unha solicitude.

O listado modificarase a medida que a UPRL vaia remitindo os informes das persoas que se derivaron a esa unidade.

CEMSATSE: desde o listado que nos dan, supoño que hai dous motivos polos que non se lles chame: permiso, IT, etc., con o cal cando se incorpore poderían facelo, e os que están exento pola UPRL, que teredes que comunicalo.

PUNTO PRIMEIRO.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA REUNIÓN ANTERIOR.

Aprobase a Acta nº 8/07 da reunión do 10 de decembro de 2007.

Na Acta nº 01/08, de data 14 de xaneiro de 2008, o sindicato CEMSATSE quere que conste as seguintes aclaracións:

- na páxina número 3, SATSE: dixo que querían participar na cobertura de dicha prazas.
- na páxina número 5, SATSE: Non, o que hai é un parámetro que recolle a dispersión xeográfica.

**PUNTO SEGUNDO.- PRESENZAS DE PERSOAL DE ENFERMERÍA NOS PACS:
2 EFECTIVOS NOS CENTROS CON PRESENZA DE 2 EFECTIVOS DE PERSOAL
FACULTATIVO.**

- PRESIDENTE COMISION DE CENTRO: Solicitan que en todos os PAC onde hai dúas presenzas de facultativos, haxa tamén dúas presenzas de enfermería
- XERENCIA: Estanse estudando A Guarda e Tui.
 - o A Guarda: vaise arranxar o domingo pola mañá, non por actividade do PAC senón porque é un tramo horario no que hai moita cura.
 - o Tui: estase estudando, na próxima reunión coa comisión dirase algo, o rexistro que existe é dunha actividade moito menor que a facultativa.
- CEMSATSE: Considera que ante unha urxencia non pode quedarse un médico solo porque en situacións graves hai menos posibilidades de supervivencia do paciente. Na Guarda non é suficiente, xa que o resto dos días quedase un médico solo cando sae o outro coa enfermeira.
- XERENCIA: Vaise estudar Tui, independentemente de que coa xornada de tarde que se vai a abrir, este cuberto ante un emerxencia.
- CEMSATSE: Habería que revisar todos os PAC en canto á presenzas de enfermería.

**PUNTO TERCEIRO.- PROBLEMÁTICA RÚA CUBA: FACULTATIVO QUE NON
CUMPRE HORARIO DE SAIDA.**

- PRESIDENTE COMISION DE CENTRO: O facultativo non cumpre horario de saída e o persoal de xestión e servizos sae tarde. ¿Como está este tema?
- XERENCIA: Falouse co facultativo para que rectifique a súa actitude e supoñemos que está solucionado neste momento.
- CC.OO.: Se persiste na súa actitude ¿váiselle a deixar a chave ao facultativo?, ¿que se vai facer?.
- XERENCIA: Neste momento está apercebido e se persiste haberá que ver que medida se toma.
- CC.OO.: ¿Constatouse a que hora empeza a axenda dese facultativo? ¿Apercibiuse con dúas testemuñas?
- XERENCIA: Tívoise unha entrevista con el e díxoselle o que debe facer, se reincide haberá unha sanción.
- CEMSATSE: ¿Causa de que se termine tarde? Polo que se di comprobouse que a actitude é consciente, ¿por iso apercíbeselle?
- XERENCIA: Si.
- CC.OO.: Leva un ano, con folga á xaponesa (dío expresamente) polo que hai que enviar un escrito coas medidas a tomar.

PUNTO CUARTO.- CESES EN ATENCIÓN PRIMARIA POR INCORPORACIÓNS OPE E/OU TRASLADOS: CRITERIO DE CESES POR ÁREA E NON POR CENTRO.

- PRESIDENTE COMISIÓN DE CENTRO: Considera que os ceses teñen que ser por área e non por centro.
- XERENCIA: Non é competencia nosa, os criterios de cese veñen dados
- CC.OO.: Desde fai un ano, cámbianselle os nomeamentos eponse Xerencia, en lugar de centro, neste momento os nomeamentos non son por centro, pode haber un problema xurídico, se cesa o que está no posto 5 e non cesa o que está no 50, se non é competencia da Xerencia o debería expor onde procede.
- XERENCIA: Por agora, nin hai criterios escritos, nin sabemos ata onde vai a chegar Recursos Humanos, se se nos pide opinión, daremos a postura da comisión de centro.
- CIG: É urxente porque as prazas do plan mellora poden estar ou non afectadas polos criterios de ceses, hai que definilo canto antes, xa que estes profesionais están nunha indefensión.
- CEMSATSE: O cese debería ser por área, incluso en enfermería.

PUNTO QUINTO.- TAREFAS EXTRAORDINARIAS DO PERSOAL ADMINISTRATIVO: CASOS CONCRETOS DE BEIRAMAR, MOS E A DOBLADA.

- XERENCIA: ¿Referídevos a sacada de historias clínicas para o Protocolo de Actividade (P.A.)?
- PRESIDENTE COMISIÓN DE CENTRO: En parte, ademais as quendas deslízantes que cambia o peso do traballo no persoal administrativo.
 - o MOS: Historias de autoavaliación do P.A.
 - o DOBLADA: PSX, substituído Rafa pero estaba dedicado solo a sacar historias para a autoavaliación.
 - o BEIRAMAR: Pretendese que o persoal administrativo abra historias de odontoloxía.
- XERENCIA: O movemento de historias é competencia do PSX, tanto de consulta coma calquera rexistro que se poda facer na historia clínica, avaliación, docencia, etc., aínda que en momentos puntuais pode haber un incremento no movemento das historias, non quere dicir que non sexa competencia do persoal administrativo, se é certo que nalgúns centros houbo sobrecarga porque se condensou en poucos días cando o tramo de tempo para facelo era maior, pero o que non se vai a dicir é que non é competencia do persoal administrativo.

Na Doblada, non se reforzou o centro, cubriuse ausencia, e é o centro o que organiza internamente.

- CC.OO.: En Beiramar o problema é por deslizamentos que comezaron no centro, por prolongacións de xornada. ¿Como se deciden as prolongacións?.
- XERENCIA: Cando se chega á prolongación antes:
 - 1º.- Non hai lista
 - 2º.- O persoal do PAC non fai voluntariamente xornada ordinaria
 - 3º.- Prolongación
 - 4º.- Intersubstitución

Pediatría: prolonga na tarde porque non hai ningún pediatra doutro centro que prolongue no horario normal do pediatra, por iso se cambio a axenda de pediatría á tarde.

Cando son imprevistos pode estar sobrecargando á area administrativa.

Cando esta previsto o deslizamento o reparto de traballo está equitativo.

- CC.OO.: ¿Quen toma a decisión de prolongar médicos e enfermería nun centro?
- XERENCIA: A decisión tomase desde a xerencia falado cos traballadores e xefe de servizo.
- CEMSATSE: A postura dos deslizamentos tomase unilateralmente xa que en Beiramar, enfermería e persoal administrativo non están de acordo.
- CIG: En Beiramar fíxose unha reunión fai un ano e presentouse o deslizamento dalgúns profesionais e rexeitouse.

Os administrativos teñen na súa axenda os días que deslizan os profesionais, polo que hai incremento de traballo de enfermería de mañá e incremento de traballo do persoal administrativo.

Ademais as prazas que agora deslizan, eran de quenda de tarde e hai profesionais que non colleron esa praza porque eran de tarde e colleron praza en centro de quenda deslízante.
- XERENCIA: Hai un compromiso con estes deslizamentos: romperanse sempre que supoña sobrecarga a outras categorías.

Beiramar foi o primeiro centro que o pediu e non se concedeu porque non había acordo no centro, mentres que noutros centros autorizouse e non tivemos que desfacer ningún deslizamento e o compromiso era o mesmo en todos os centros.
- CEMSATSE: Beiramar, fai un ano se quixo facer deslizamento e non houbo acordo.

Este ano a xerencia utilizou a prolongación da mañá para colar o deslizamento definitivo.

Cando se collen as prazas cóllense sabendo a quenda que ten e non é de recibo que se cambien posteriormente, isto é un agravio. Espero non traer aquí ningún caso de enfermería que non se lle permite deslizar aínda que non o faga o medico.

- XERENCIA: Neste momento non hai ningún caso de deslizamento que non este resolto, e si se presenta algún caso estudarase.
- CEMSATSE: Non é penosa a tarde, a penosidad é a noite e cóbrase
- O'MEGA: A tarde é mais penosa que a mañá.
- CC.OO.: En Beiramar as cousas pódense facer mellor, son partidario de que o medico que quere deslizar que deslice, no solo un día, senón tres, pero tamén o resto do persoal e con información clara á poboación e aos propios administrativos.

PUNTO SEXTO.- TRASLADOS DOMICILIARIOS

- PRESIDENTE COMISIÓN DE CENTRO: Queremos saber en que punto esta. Se hai algún avance neste tema.
- XERENCIA: A zonificación, agora que xa temos os nomes das persoas para o grupo de traballo empezárase a traballar niso.
Estase estudando o tema do traslado domiciliario os sábados pola mañá nos centros plurimunicipais
- CIG: Que posibilidade hai que unha comisión de zonificación aquí teña vistas de conseguir algo senón hai cambios legislativos.
- XERENCIA: Tratamos de cambiar a estratexia baseándonos no plan mellora que o contempla, fagamos o traballo técnico presentáremolo en servizos centrais e veremos se se cambia o que faga falta a nivel legislativo.
- CC.OO.: ¿Que lle seguimos dicindo aos traballadores?, ¿que sigan facendo os traslados a domicilio como ata agora?
- XERENCIA: Non é un tema competencia dentro da xerencia, a asunción que fai a parte sindical dos traslados domiciliarios non pode aborda a xerencia, é un cambio retributivo, que non está na nosa man cambiar, seria necesario un acordo marco.
- CC.OO.: A partir do día 18 de febreiro hai un escrito de distintos profesionais, que din que non van a usar os seus vehículos para ir aos domicilios e, ¿hai alternativas?, ¿que se fixo?
- XERENCIA: As opcións que temos para arranxar a petición non o solucionan, se hai alternativas poñámolas enriba da mesa.
- CC.OO.: As solucións son económicas.
- CEMSATSE: O que se habería que facer é tomar medidas para que as circunstancias colaterais que provoca está actitude teñan solución, actuacións que non poden posporse ou teñen que facerse nun prazo e iso se é competencia da xerencia, de acordo que a negociación seria noutros foros, pero ninguén pide incremento retributivo, senón que se lle dean os medios para facer o seu traballo.

- XERENCIA: Chegado este punto, o problema é coñecido, a alternativa é un incremento retributivo que non é competencia da xerencia.
¿Que imos a facer? Un chamamento á responsabilidade, ata o momento non vimos ningunha alternativa que podamos abordar desde a xerencia.
- CEMSATSE: Mostras biolóxicas se se ven afectadas ¿que medidas se van a tomar?
O que parece é que a administración non da resposta a unha petición histórica.
 - O chamamento á responsabilidade o trasladan todos os traballadores á xerencia, se as mostras non chegan a responsabilidade é vosa, si a consulta se para, a responsabilidade é vosa .
 - Comprar coches (20) para a periferia con condutores e o problema resólvese; na cidade se zonificais ben se cadra tamén resólvese.
- XERENCIA: Recóllense as ideas aportadas e trataremos de asumir o reto con responsabilidade.
Pasaremos os datos que se están recollendo de domicilios que se fan, onde, cando..
- CEMSATSE: A enfermería apunta todos os rexistros pero non os pasan en administración. Hai rexistros desde o ano 1984.
- XERENCIA: Unha cousa é rexistro e outra é poder obter información deses rexistros e nestes momentos hai un rexistro do que podemos obter información, imos partir do ano 2007, aínda que se tomen os datos con reservas.

PUNTO SETIMO.- SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL: ¿CUBRE A PEDIATRAS CANDO VEN ADULTOS E A MÉDICOS DE FAMILIA CÁNDOS VEN NENOS?

- XERENCIA: Cobre a atención tanto de nenos como de adultos en ambas categorías profesionais.

PUNTO OITAVO.- CALENDARIOS PACs.

- PRESIDENTE COMISIÓN DE CENTRO: Solicitan todos os calendarios dos PACs.
- XERENCIA: Dúas opcións:
 - 1º.- Calendarios que facían os centros e
 - 2º.- Os que se fan aquí
- MEDICOS:
 - 1º.- Non chegaron aquí, todo o ano
 - 2º.- Enviáronse, fixeron alegacións e estanse axustando.
- ENFERMARIA:
 - O teñen os profesionais.

- PRESIDENTE COMISIÓN DE CENTRO: Solicitan que se lle entregue.
- CEMSATSE: ¿Quen fixo o calendario de enfermería? ¿quen o supervisa?
- XERENCIA: Os que fixeron eles supervísanse pola xerencia
- PRESIDENTE COMISIÓN DE CENTRO: ¿En que prazo os imos ter?
- XERENCIA: En breve.

PUNTO NOVENO.- PLAN MELLORA DE ATENCIÓN PRIMARIA:

• **SOLICITUDE, DENDE PRIMARIA, DE ECOS, TACS E RMNS. ¿RETRASO NA APLICACIÓN?**

- PRESIDENTE COMISIÓN DE CENTRO: A finais de xaneiro aínda non había nos centros información nin impresos sobre estas probas.
- XERENCIA: As ecografías pódense solicitar xa, e xa se podían pedir desde o primeiro momento, pero cambiouse a folia de solicitude e desde a semana pasada xa están as novas follas de solicitude nos centros (follas de solicitude que substitúen ao de radioloxía simple de antes) e se comeza a abrir todo o sistema de citación desde os centros desde esta semana, pero é complexo e se tardara algún tempo. Non están activos as probas ligadas aos protocolos listaxe B, hai un grupo de traballo en Servizos Centrais, pero aínda non hai protocolos, aínda que en Vigo, os TAC's seguiranse facendo como ata agora.

• **PRAZAS DO PLAN MELLORA DO ANO 2007, ¿EN QUÉ SITUACIÓN QUEDAN UNHA VEZ PASADOS OS 6 MESES?**

- XERENCIA: Son interinos desde 01/01/08

• **RELACIÓN DE 50 PRAZAS DA 1ª FASE DO 2008, ¿OFERTA PARA MOBILIDADE PROVISIONAL?**

- PRESIDENTE COMISIÓN DE CENTRO: Posibilidade de que o persoal que esta nestes momentos de tarde poidan pasar a mañá e contratar de tarde.
- XERENCIA: Xa están feitos os chamamentos para estas prazas.
- SGPS: ¿Por qué se adxudico unha enfermeira en Casco Vello de mañá canda a ratio de maña é 1:1 e na tarde hai dous días que non hai enfermeira de pediatría?.
- XERENCIA: Vaise a comprobar por se houbo un erro alí.
- CEMSATSE: Estraña que se diga que se falou cos centros, cando nos distintos centros, ninguén sabía do incremento.
- XERENCIA: Falouse na reunión con coordinadores e xefes de servizo e unidade do que se ía a por este ano.

PUNTO DECIMO.- REORDENACIÓN CELADORES SAP BEIRAMAR.

En Beiramar hai tres prazas de celadores de mañá, un deles estaría interesado en irse ao Centro de Saúde de Coia, á xerencia parécelle ben, é un centro grande que admite dous celadores, senón hai inconveniente, procederase á reordenación.

PUNTO ONCE.- REUNIFICACIÓN TELEFONISTAS NO PAC DE COIA

Un dos telefonista quedou en Bolivia, no seu momento non quixo participar na central de chamadas.

En Bolivia, hai dificultade de espazo físico (incremento dun PSX) e hai un espazo que queremos ocupar, eles son telefonistas do PAC Vigo, e temos un problema perentorio de espazo, imos cambialo.

- CEMSATSE: A Comisión de Centro ten claro que o telefonista ten praza no PAC Vigo e pode estar en calquera das cabeceiras.

Remata a reunión as doce horas do día sinalado